

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16100QX</b>	<b>USG/2022/26</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6E2S 1000 2C70 3R1L 0EPI	

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 14 DE FEBREIRO DE 2022.**

**PRESIDENTE:**

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

**ASISTENTES:**

D. Juan Carlos Iglesias Lovelle  
D.ª Marta María Figueroa Fuentes  
D.ª Marta María Iglesias Becerra  
D. Abraham Seijas González  
D.ª Yessica Méndez Sánchez

**NON ASISTEN:**

D.ª María Guadalupe Pombo Carril  
D. Carlos Liñares Gestal

**INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D.ª Vanessa García Barreiro

**SECRETARIA XERAL:**

D.ª Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e corenta e tres minutos do día catorce de febreiro do ano dous mil vinte e dous, réunese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta María Figueroa Fuentes, D.ª Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.ª Yessica Méndez Sánchez.

Non asisten á sesión a Sra. concelleira D.ª María Guadalupe Pombo Carril e o Sr. concelleiro D. Carlos Liñares Gestal.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.ª Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.ª Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 7 DE FEBREIRO DE 2022.**

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data sete de febreiro de dous mil vinte e dous, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 7 de febreiro de 2022.

**2.- DACIÓNS DE CONTA.**

**2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.**

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

**Publicacións:**

- Resolución do 19 de xaneiro de 2022, do Instituto Galego da Vivenda e Solo, pola que se convocan distintas liñas de subvencións para actuacións de rehabilitación para o ano 2022 (códigos de procedemento VI422F e VI406A). DOG núm. 26 do 08-02-2022.
- Orde do 31 de decembro de 2021, da Consellería de Política Social, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I00QX</b>	<b>USG/2022/26</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6E2S 1000 2C70 3R1L 0EPI	

para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas parcialmente polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento BS700A). DOG núm. 27 do 09-02-2022.

- Resolución do 24 de xaneiro de 2022, da Consellería de Política Social, pola que se publica a Resolución do 23 de xaneiro de 2022 pola que se aproba o Plan de inspección de servizos sociais de Galicia para o ano 2022 e a rendición da avaliación do ano 2021. DOG núm. 27 do 09-02-2022.
- Orde do 17 de xaneiro de 2022, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento CT211B). DOG núm. 28 do 10-02-2022.
- Orde do 20 de xaneiro de 2022, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se aproban as bases e a convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para actuacións de concellos e entidades en reservas da biosfera de Galicia con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT724B). DOG núm. 29 do 11-02-2022.
- Anuncio do 4 de febreiro de 2022, do Concello de Culleredo, relativo á declaración da caducidade dos procedementos selectivos incluídos na oferta de emprego público 2017 que non foron executados. BOP núm. 28 do 10-02-2022.

C.I.F. P-1503100-H

## **2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.**

2.2.1.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da concellería delegada da Área de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

### **“ACTIVIDADES CULTURAI**

#### **VENRES 18 DE FEBREIRO**

**Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 18.30 h:**

Baobab Teatro: *Ris ras*.

De 1 a 7 anos. Aplicaranse as medidas anti-covid en vigor.

Entrada gratuíta. Reserva de asentos a mesma semana no tfno. 981665597.”

2.2.2.- A Sra. Secretaria Xeral dá lectura ao escrito de data 11 de febreiro de 2022 (código do documento UME16I00OC) do Sr. concelleiro delegado de Medio Ambiente, Obras e Servizos, que di:

**“A concellería de Medio Ambiente, Obras e Servizos, en uso da delegación outorgada pola resolución de data do 18/06/2019, dá conta á Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 14/02/2022, das seguintes resolucions:**

- Resolución número CUL/RES/330/2022 de data do 04/02/2022, pola que se renova o permiso municipal de condutor do Concello de Culleredo, a E. G. G., cunha validez de cinco anos, ou ata que se produza o vencemento do seu permiso de conducir, para a licenza de taxi número 29.
- Resolución número CUL/RES/331/2022 de data do 04/02/2022 pola que se outorga a licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos número 167, ao abeiro do Decreto 90/2002 de 28 de febreiro e da Ordenanza municipal reguladora da licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro, e da Sección Local do Rexistro de Animais de Compañía, a D. M. F. S. F.



18/01/22	166	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio cunha.  Conceder O servizo municipal de axuda a domicilio.	***9507**  ***4717**	Unha hora á semana (agás festivos).  Unha hora á semana (agás festivos).
18/01/22	167	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio.  Denegar o servizo de teleasistencia domiciliaria por non ter capacidade para o manexo do aparato.	***0125**	cinco horas á semana (agás festivos).
18/01/22	182	Conceder o Xantar na Casa para cinco días da semana e dar traslado desta resolución ó Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.	***2260**	

C.I.F. P-1503100-H

**\*\*PRESTACIÓNS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
24/01/22	212	Declarar o desestimento das axudas solicitadas para pago de aluguer ao non achegar a documentación perceptiva.	***6811**		
26/01/22	240	Declarar das axudas solicitadas para pago de aluguer, ao non achegar a documentación perceptiva.	***0862**		
26/01/22	241	DENEGAR ás axudas para abono de hipoteca por exceder o límite de ingresos establecido no regulamento de acceso as prestacións económicas municipais de emerxencia social (PEEIS).	***3600**		

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I00QX</b>	<b>USG/2022/26</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>6E2S 1000 2C70 3R1L 0EPI</b>	

26/01/22	242	Declarar o desestimento das axudas solicitadas para pago de aluguer, ao non achegar a documentación perceptiva.	****4622*		
26/01/22	243	DENEGAR as axudas para abono de aluguer por exceder o límite de ingresos establecido no art. 5,2 do regulamento.	****6492*		
26/01/22	244	DENEGAR as axudas para abono de gastos de transporte e recibos de auga, por exceder o límite indicado no Regulamento de Acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia social (PEEIS).	***8288**		

C.I.F. P-1503100-H

**\*TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de diciembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
18/01/22	165	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade con carácter PROVISIONAL	***2372**	Ata o 22/11/2023 .
26/01/22	239	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade con carácter PROVISIONAL.	***0169**	Ata o 22/11/2022

### **3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.**

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

### **4.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formulan.

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I00QX</b>	<b>USG/2022/26</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6E2S 1000 2C70 3R1L 0EPI	

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e seis minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O alcalde

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H